

Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que garantan a oferta pública dos estudos conducentes á certificación oficial de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica equivalente para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poidan realizar os estudos de máster.

Expediente: D.3.Q/1041/16

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. referente ás condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que, tras os problemas derivados da regulación destas condicións, a Consellería de Educación comprometeuse ante os representantes sindicais, tanto a non esixir a formación substitutiva do mestrado para os PTFP, até que os afectados tivesen ocasión de realizala, como a facer unha oferta desta formación. A Consellería de Educación resolveu esta situación pospoñendo a existencia desta formación até o último dos prazos posibles (setembro de 2015), pero sen ter cumprido o compromiso de ter feito a oferta paralela do curso de formación.

Cumprido o prazo, e ante a situación de que moitos dos docentes que xa estaban traballando, ou nas listas de contratación para interinidades da Consellería, non cumprían este requisito, a Consellería decidiu ofertar un curso de formación restrinxido aos traballadores en activo da Consellería ou a aqueles que están nas listas de contratación con servizos previos para a Consellería.

O obxecto principal da queixa é que as persoas que están nas listas de interinidades sen ter traballado nunca, aquelas que pretendan inscribirse nestas listas, e tamén as que pretenderon matricularse nas oposicións que se convocaron neste 2016, tiñan que cumprir o requisito de formación pedagóxica sen que houbo unha oferta formativa que lles permitira satisfacer o requisito no sistema público galego, e só poden traballar nestas listas ou matricularse nas oposicións se cursaron esta formación nun centro privado fóra de Galiza.

A intención da persoa promotora da queixa era presentarse ás oposicións para o acceso ao Corpo de Profesores Técnicos de FP, pero non posuía nese momento a formación pedagóxica exixida por falta de oferta formativa pública en Galicia, non podendo finalmente matricularse no proceso selectivo. Ao seu xuízo, dáse unha situación totalmente discriminatoria e que vulnera o dereito fundamental a acceder en condicións de igualdade á función pública (candidatos aos que se lles facilita a formación requirida e outros aos que se lles obriga a cursala fóra do sistema público galego).

Ante iso requirimos informe a esa Consellería, que xa nola remitiu. Na información aportada faise unha relación das disposicións legais que atinxen a esta situación a partir da referencia do artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación á esixencia de estar en posesión das titulacións académicas correspondentes e ter a formación pedagóxica e didáctica que o Goberno estableza para cada ensinanza.

1. Queda claro no informe a necesidade de evitar a contradición entre o establecido na disposición adicional 9ª da Lei orgánica 2/2006, e do Regulamento para o ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes (aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro publicado no Boletín Oficial del Estado núm. 53 do 2/03/2007), que a desenvolve, especialmente no artigo 13 e na disposición adicional única dese Regulamento, que permite o acceso extraordinario aos corpos docentes cunha titulación diferente á universitaria (nomeadamente cunha titulación superior de formación profesional); e, por outra parte, o artigo 9 do RD 1834/2008 dispón o seguinte: "Para exercer a docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de idiomas, será necesario estar en posesión do título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica de acordo co esixido polos artigos 94, 95 e 97 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. No sistema xurídico español, o acceso ao título de máster, en xeral, está restrinxido ás persoas que teñan titulación universitaria, como resulta do artigo 16.1 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Esixir o título de máster como único elemento acreditativo da formación pedagóxica e didáctica, impediría o acceso á docencia ás persoas que non contan cunha titulación universitaria previa que llo permita.

2. Para evitar tal incongruencia, a disposición adicional 1 a do RD 1834/2008 preveu que a formación pedagóxica e didáctica do profesorado que, por razóns derivadas da súa titulación, non poida acceder aos estudos de máster aos que se refire este real decreto, se acreditará mediante unha formación equivalente á esixida no artigo 100 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, nas condicións que estableza o Ministerio de Educación, Política Social y Deporte.

3. O problema deriva da organización extraordinaria da actividade formativa prevista na Orde EDU/2645/2011 do 23 de setembro, modificada pola Orde ECD/1058/2013, do 7 de xuño. Segundo a consellería, *“respondeu á esixibilidade do requisito da formación pedagóxica e docente e á existencia dun número significativo de persoal integrado lexitimamente nas listas desta Consellería para a cobertura temporal de postos docentes, que non teñen tal requisito, de xeito que de non ter ofertado a formación a estas persoas directamente desde a Consellería poderíase ter provocado unha perturbación no servizo público por unha previsible, de ser o caso, falta de persoal que cumpra os requisitos esixidos para cubrir as necesidades temporais de persoal no servizo educativo nos postos de determinadas especialidades e corpos.*

Así pois, foron razóns de interese público que levaron á Consellería a organizar esta actividade formativa, con carácter extraordinario: evitar que non houberse persoas candidatas nalgúnhas listas de cara a cubrir as necesidades temporais de profesorado, o que implicaría a imposibilidade de cubrir, con inmediatez, as substitucións e vacantes.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

O informe manifesta que a acción da Consellería baseouse no principio de eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos (artigo 3.1.f da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público) e no principio de desenvolvemento e cualificación profesional permanente dos empregados públicos (artigo 3.1.g da dita Lei), sen que poda reputarse arbitraria, nin na súa finalidade nin na selección das persoas receptoras da actividade.

En efecto, a selección non foi arbitraria pois baseouse nuns criterios de eficacia para manter a operatividade das listas e, xa que logo, respondeu a nun principio de oportunidade.

Sen embargo, esta institución considera que se deu unha afectación do principio de igualdade xa que, á marxe dos criterios que existiran no seu momento para accederen ás

listas, a esixencia de acadar o certificado de formación pedagóxica e didáctica afectaba por igual aos que entón estaban nas listas de interinidade e substitución e aos que neste momento por razóns derivadas da súa titulación, non poden acceder aos estudos de máster aos que se refire o Real Decreto 1834/2008.

Con independencia de que a situación das persoas que estaban nas listas de substitución e interinidade xa se teña resolto pola organización extraordinaria da actividade formativa prevista na Orde EDU/2645/2011 do 23 de setembro, modificada pola Orde ECD/1058/2013, e teñan acadado os seus certificados de equivalencia, persiste o problema de certificar a formación pedagóxica e didáctica que permita o acceso extraordinario aos corpos docentes daqueles candidatos que contan cunha titulación diferente á universitaria, nomeadamente cunha titulación superior de formación profesional.

Non se considera adecuado, por parte desta institución, que na Comunidade autónoma de Galicia non se poda facer uso da vía para acceder á unha formación pedagóxica e didáctica equivalente ao máster xa que non se oferta polas universidades públicas, por entidades privadas nin pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Isto significa que nesta comunidade non é posible, por falta de oferta, facer uso dunha posibilidade legalmente recoñecida para exercer a docencia:

-cando ese certificado oficial é un requisito ineludible para exercer a docencia desde o 1 de setembro de 2013 para as persoas ás que se dirixe a Orde EDU/2645/2011, de 23 de setembro.

-que supón unha discriminación respecto daquelas persoas que proceden de territorios nos que as correspondentes administracións educativas desenvolveron esta vía de acreditación, que poden concorrer aos procesos selectivos e inscribirse nas listas de interinidade e substitución en Galicia.

-que o feito de que se oferte no ámbito territorial do Estado non xustifica que esa oferta sexa inexistente en Galicia, agás para unha selección de persoas, que puideron obter esa formación equivalente por razóns de eficiencia na xestión da Consellería e por un acordo sindical, cando o principio de igualdade reclama que todos os que precisen esa formación equivalente a teñan garantida. O interese público se da tamén en habilitar todos os mecanismos para asegurar o pleno desenvolvemento de determinadas titulacións que legalmente habilitan para a docencia nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas deportivas.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a seguinte **recomendación**:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estude e desenvolva as medidas que sexan precisas para garantir que na Comunidade Autónoma de Galicia se poda dar cumprimento ao previsto na Orde EDU/2645/2011, de 23 de setembro, de xeito que se garanta, no prazo máis breve posible, a oferta pública dos estudos conducentes á certificación oficial de estaren en posesión da formación pedagóxica e didáctica equivalente para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Se non obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguiu.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.
Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo